



colabora: distribúe::



S






SINOPSE

Dúas formas de ver o mundo. Dúas maneiras de chegar a un lugar. Dous xeitos de comportarse. E un obxectivo común: chegar a Ningures. Rita e Denís, viaxeiras profesionais incansables, cruzan os seus camiños no misterioso limiar das portas de Ningures, lugar ansiado por todos os viaxeiros. Mais as portas agochan moitos segredos. Serán quen de atravesalas? Conseguirán o seu propósito? Superarán este reto?



A través do humor, a danza, a manipulación de obxectos e o teatro físico, Teatro Ó Cubo lanza a súa cuarta produción, marcada por unha nova estética e diálogo co público infantil e familiar. Unha peza que afonda nas metas e frustracións, nos propios retos, nos encontros e desencontros e nos medos que nos paralizan, poñendo en valor a amizade, o fracaso como parte do camiño e o respecto pola diversidade de cada quen. Unha viaxe pola vida mesma.





COMPAÑÍA

catro anos, catro producións



Sofía Espiñeira e Roberto Casal forman esta compañía que afronta neste 2020 o seu cuarto ano de vida. Catro anos e catro producións que dende o 2016 conforman un repertorio para públicos de todas as idades dentro e fóra dos teatros. Comezan con “O faiado”, montaxe teatral de sala na que, xunto a Alfredo Pérez Muíño (Fredí) no elenco e coa dirección de Pablo Sánchez, danlle forma ao texto do autor Jose Luis Baños de Cos, recentemente premiado co “Abrente” 2019 e co “Roberto Vidal Bolaño” 2020 de teatro infantil. “Ghop!” é a súa seguinte aposta na que, con Noel Fandiño (Mago Noel) no elenco e Fredí desta volta na dirección, botan a andar un espectáculo de rúa ambientado na estética das compañías ambulantes de antano, enchendo de circo e variedades as vilas do país. “Nube Nube Sol” segue sementando público, para moitos a súa primeira función, nunha terceira creación dirixida a primeira infancia. A súa recente viaxe é “Ningures” e quere ser unha experiencia teatral nova, non só para os seus integrantes, senón para un público miúdo que cada vez sabe e entende máis de teatro.



FICHA TÉCNICA

Duración: 50 min

Idioma: galego

Público: Familiar (a partir de 6 anos)

Tempo de montaxe: 3 horas

Tempo desmontaxe: 2 horas

Medidas mínimas: 7 metros fondo, 7 metros de boca, 4 metros de altura

Son e iluminación: consultar rider

FICHA ARTÍSTICA

Idea Orixinal

Teatro Ó Cubo

Elenco

Sofía Espiñeira

Roberto C Mouriño

Dirección e dramaturxia

Roberto C Mouriño

Deseño Escenografía

Beatriz de Vega

Deconstrución de vestiario

Carmen Pichel

Iluminación

José L Baños de Cos

Fotografía


Álex Sobrino





NINGUN RES

distribución



Urdime
PROPOSTAS CULTURAIS

info@urdime.net

981 937 424

619 920 335

698 132 935



colabora

